

CCR/Ra/Ms

Data Rexistro: **05/05/2022 12:39:27**Nº Rexistro: **2022000394**

SAIDA

MINUTA

Na sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial, do día 29 de abril de 2022, formuláronse os seguintes rogos ou preguntas pola Sra. Deputada Dona María José Pardo Pumar:

13.7792.- **ROGOS E PREGUNTAS**

Sra. Presidenta.- No punto 13. Rogos e preguntas.

...

Sra. Presidenta.- ... ¿Mais preguntas ou rogos? Ten a palabra Sra. Pardo.

Sra. Pardo Pumar.- Es para hacer un ruego, que se nos informe a poder ser del grado de implantación del teletrabajo, del número de personas que han solicitado esta modalidad de trabajo desde la aprobación del reglamento por este Pleno, número de personas a las que se le ha concedido y medios económicos efectivamente destinados al teletrabajo, adquisición de equipos y herramientas para ello. Muchas gracias.

Sra. Presidenta.- Entendo que é unha pregunta, porque si é un rogo sabe vostede que non temos porque darlle esa información, entendo que solicita a información, lla remitiremos por escrito. ¿Algún rogo ou pregunta mais?

...

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

O Secretario

(Asinado dixitalmente na data que figura á marxe)

Dona. María José Pardo Pumar.- Presidencia.- Vicepresidencia.- Servizo de Recursos Humanos.- Secretario.- Paula Fernández Pena (Presidencia).- Central.-





Data Rexistro: 27/05/2022 10:43:58

Nº Rexistro: 2022000458

SAIDA



DEPUTACIÓN  
PONTEVEDRA



AXENDA  
2030

SECRETARÍA XERAL  
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,  
36071 Pontevedra  
Teléfono: +34 986 804 100  
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

C.C./Sof./Ms.

De orde da Presidencia e en relación coa súa pregunta formulada na sesión plenaria de 29 de abril de 2022, xúntase informe da xefa do servizo de Recursos Humanos.

O Secretario

*(Asinado dixitalmente na data que figura á marxe)*

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - \*\*\*0694\*\*  
Cargo: Secretario  
Data: 27/05/2022 10:35

Dona María José Pardo Pumar.-  
Grupo Partido Popular  
PAZO PROVINCIAL



EXPEDIENTE	2020045840
ASUNTO	CONTESTACIÓN Á PREGUNTA FORMULADA NO PLENO DA CORPORACIÓN PROVINCIAL CELEBRADO O 29/04/2022
TRÁMITE	INFORME DE RECURSOS HUMANOS

En contestación á pregunta formulada pola Deputada Provincial Dona María José Pardo Pumar no Pleno da Corporación Provincial celebrado o 29/04/2022, sobre a implantación do teletraballo, INFORMASELLE o seguinte:

1º.- Por acordo adoptado no Pleno da Corporación Provincial, celebrado o 29/10/2021, aprobase o regulamento do teletraballo para o persoal da Deputación Provincial de Pontevedra.

2º.- Para facer efectiva a súa implantación, por resolución do deputado delegado de persoal de data 13/04/2022 aprobase o modelo operativo de teletraballo, a través do cal se diseña o procedemento a seguir para a tramitación das solicitudes do persoal interesado na prestación de servizos nesta modalidade de traballo.

3º.- O apartado primeiro desta resolución, relativo á Convocatoria do teletraballo, sinala que anualmente no primeiro trimestre do ano, convocarase o procedemento para solicitar a autorización do desempeño do posto de traballo na modalidade de teletraballo.

Por razóns organizativas e a fin garantir unha adecuada prestación do servizo, antes de facer extensivo o teletraballo a todos os Centros e Servizos da Deputación, con postos susceptibles de teletraballo e medios necesarios para o desenvolvemento da súa actividade, o Servizo de RRHH e Formación propuxo por en práctica un programa piloto no Servizo Oral, xa que conta coas ferramentas necesarias para fixar obxectivos, facer seguimento, control e avaliación do seu cumprimento; o cal permitirá aos Servizos implicados na xestión das solicitudes analizar e resolver as incidencias que se podan producir na súa implantación.

4º.- Por Resolución do deputado delegado de persoal de data 26/05/2022 convocase as persoas interesadas do Servizo Oral á presentación das solicitudes de autorización do desempeño do posto de traballo na modalidade de teletraballo, no prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no portal do empregado.

5º.- O Servizo de NNTT dispón de medios económicos suficientes para proporcionar os equipos e ferramentas que sexan necesarias, habéndose iniciado o procedemento de adquisición de 50 ordenadores portátiles.

*Asinado dixitalmente ao marxe.*

